


# I CERTAME ESCOLAR DE FOTOGRAFÍA DE CONSUMO

## O impacto da crise económica en Galicia



### Tema

As fotografías que concorran ao certame tentarán reflectir as consecuencias ou impacto que o actual contexto de crise económica está a ter nos distintos sectores da sociedade galega ou nos distintos colectivos da poboación galega.

### Participación

Poderán participar no certame todos os afeccionados á fotografía que cursen estudos oficiais nun centro de ensino secundario, bacharelato ou formación profesional de Galicia durante o curso académico 2012-2013.

### Traballos

As fotografías deberán ser presentadas, en formato dixital con resolución media/alta (recoméndase neste sentido una resolución mínima de 300 pp. -2362 x 1772 píxeles-), en branco e negro ou cor e, en todo caso, deberán ser orixinais e inéditas.

Non se admitirán fotografías que foren obxecto dunha significativa modifi-

cación dixital.

O número máximo de fotografías admisible por participante é de 3.

### Prazos

A data límite para a recepción das obras será o día 31 de xaneiro de 2013

O xurado fará público o seu fallo o día 17 de febreiro de 2013 e o acto de entrega terá lugar na cidade de Santiago de Compostela en datas posteriores.

### Envío de orixinais

As fotografías enviaranse por correo electrónico ao enderezo [certames@ucgal.org](mailto:certames@ucgal.org)

Cada arquivo fotográfico deberá nomearse co título da obra

O correo electrónico enviado incluírá un arquivo adxunto coa seguinte información: Nome e apelidos do autor; idade; pseudónimo; teléfono e enderezo de correo electrónico de contacto; centro donde cursa estudos.

### Xurado

O xurado estará formado por 3 persoas en

representación da Unión de Consumidores de Galicia, por un profesional de recoñecido prestixio no eido da fotografía e por un representante da Administración Autonómica.

### Premios

Establécese unha única categoría con tres premios dotados do seguinte xeito;

1º Premio: 500 €

2º Premio: 300 €

3º Premio: 100 €

A entrega dos premios farase a medio de talón bancario nominativo.

O Xurado resérvase o dereito de declarar deserto o certame.

### Propiedade e difusión das obras premiadas

As fotografías premiadas pasarán a ser propiedade da Unión de Consumidores de Galicia, que pasará a ser titular de todos os dereitos, de calquera índole, sobre as ditas obras, sen que caiba ningún tipo de pretensión ou reclamación posterior dos autores en relación coas mesmas.



UNIÓN DE  
CONSUMIDORES  
DE GALICIA